


Traballo Toponimia

Anxo Montoto Freiría 2ºD

Nº: 16


1. A fraga: Vincios, Gondomar , Pontevedra.

Chámase así porque unha fraga é unha extensión de monte, cunha gran diversidade de fauna e as veces de difícil acceso. Neste lugar hai monte e ademais é un pobo sen carreteiras de moi boa calidade.




2. Piñeiro: Cedeira, Comarca de Ferrol, A coruña

Chámase así polo piñeiro unha árbore de folla en forma de agulla, do que sae o piñón, ademais dunha madeira moi boa que é autóctona.




3. Carballo: Comarca de Bergantiños, A Coruña

Chámase así polo Carballo, unha árbore de gran tamaño, copa ampla, follas sen picos e con puntas redondeadas, que ten como froito a landra.




4. Nespereira: Pazos de Borbén, Pontevedra

Chámase así pola Nespereira, unha árbore de tronco delgado con pólas abertas, follas bastante grandes e cun final pouco picudo e flores pequenas, brancas e recedentes, que dá como froito a néspera. Posiblemente neste pobo antigamente había nespereiras.



5. Parque Forestal Monte dos Pozos: Valadares, Comarca de Vigo, Pontevedra


Chámase así porque ten moita auga, e aínda que non haxa pozos, a auga relacionase con eles, porque monte da auga non sei, pero soaría un pouco raro. Ademais é un monte moi fermoso e cheo de vida posiblemente grazas a auga xa que levará alí xeracións e a auga é vida.



Traballo Toponimia


6. Combarro: Poio, Pontevedra

Chámase así porque un combarro é un piso feito a unha determinada altura da parede para gardar a comida dos animais, as patacas etc. parecido a un horreo. Neste lugar hay montóns destes “edifícios” e por iso penso que ten este nome.




7. Ponte Maceira: Portor, Negreira, Comarca de Santiago, A Coruña

Chámase así porque posiblemente fai moitos anos habería maceiras neste lugar. As maceiras son unhas árbores propias de climas temperados, con pólas grosas, copa irregular, follas duras e tirando a circulares, e flores de cor branca que dan como froito a mazá. Ademais hai unha ponte e como curiosidade é un dos cen pobos co recoñecemento aos pobos máis bonitos de España




8. Barro: Comarca de Pontevedra, Pontevedra

Eu teño varias opcións unha é porque era unha terra moi chuviosa e como había barro chamaronlle así, a segunda é que facían moitas cousas con barro como olas... e a terceira é que facían as paredes das casas con barro e outros materias.



9. Muros: Comarca de Muros, A Coruña

Chámase así porque posiblemente fai moitos anos atacábanos moitos pobos celtas e construíron muros para defenderse deles.



10. O Barqueiro: Mogor, Mañón, comarca do Ortegal, A Coruña.

Chámase así porque é un pobo marítimo con porto e polo tanto tamén ten barqueiros e mariñeiros.

